



## Modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

### DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

#### 1. Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentos.

- Boletín de actividades para repasar os contidos do curso anterior.
- Realización dun exame cos contidos do curso a recuperar. Este exame terá lugar o mércores 15 de xuño.

#### 2. Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

##### Alumnado que xa teña a materia superada:

- Actividades de repaso dos contidos tratados durante o curso que lles supuxeran maior dificultade.
- Actividades de ampliación con contidos que non deu tempo a tratar durante o curso.
- Actividades que poñan en práctica aquelas destrezas que durante o curso non se puideron practicar tanto como se desexaba, especialmente as destrezas orais.
- A realización destas actividades será tida en consideración para redondear á alza a cualificación final.

##### Alumnado que non teña a materia superada:

- Plan de recuperación e reforzo consistente en:
  - Actividades de repaso sobre o tratado durante o curso, centrándose nos contidos básicos que lles serán esenciais para poder superar a materia do vindeiro curso.
  - Reforzo para o alumnado que teña máis dificultades na asimilación deses contidos.
  - Resolución de dúbidas e atención individualizada ao alumnado.
  - Realización dun exame ou traballo final para poder obter unha cualificación positiva na materia na avaliación final.
- Para superar a materia, o alumnado deberá amosar interese e esforzo durante o procedemento de recuperación e reforzo, así como acadar unha cualificación mínima de 4 na proba final.